

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 29 DE XANEIRO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero
Dona Begoña Vázquez López
Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e nove de xaneiro de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as dez horas

trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 20 de xaneiro de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Gandeiría Rato S.C.

ANTECEDENTES

1. Don José Carral Ferradás, na representación da sociedade GANDEIRÍA RATO S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Baroncelle, parroquia de Carboentes,

solicitou con data 13 de marzo de 2024 (RE-E núm. 140) licenza municipal de obras para CONSTRUCCIÓN DE ESTABULACIÓN LIBRE DE GANDO VACÚN DE LEITE E FOSA DE XURRO, con emprazamento no lugar de Baroncelle, parroquia de Carboentes.

2. A citada sociedade foi constituída en documento privado subscrito en data 1 de agosto de 2007 e está integrada na actualidade por Don José Carral Ferradás (DNI núm. ██████████), Dona Mónica Fernández Panadeiros (DNI núm. ██████████) e Don Alejandro Carral Fernández (DNI núm. ██████████). Dito documento foi elevado a documento público por escritura outorgada ante a notaria de Lalín Dona María Teresa Bouzas Rodríguez en data 22 de abril de 2008 (protocolo núm. ██████), sendo esta modificada por medio de escritura de pacto de mellora e modificación de estatutos de sociedade civil, outorgada ante a mesma notaria con data 20 de agosto de 2018 (protocolo núm. ██████).
3. Achégase proxecto técnico básico (visado colexial núm. ██████████, de data 21/06/24), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro.
4. O prazo de inicio das novas obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de execución non poderá exceder de tres (3) anos.
5. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei

- 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A instalación de explotación de vacún proxectada sitúase en terreos clasificados como “*solo rústico de protección agropecuaria*” polo PXOM en vigor.
 4. Proxéctase a construción dunha estabulación libre para gando vacún de leite e unha fosa de xurro.
 5. A capacidade da nave que se pretende construír será de 107 UGM.
 6. As obras proxectadas consisten na construción dunha edificación destinada a corte e unha fosa de xurro. Preténdese a modernización das instalacións onde se aloxan os animais e as dependencias de produción de leite, xa que as existentes quedaron obsoletas, e tamén proceder á concentración nunha mesma nave de todos os animais que forman parte da explotación (produción e recría).
 7. O orzamento de execución material das obras proxectadas ascende á cantidade de CINCOCENTOS OITENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS SESENTA E OITO EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (585.568,74 €).
 8. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
 9. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
 10. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titular do predio	██████████
Inscripción no Rexistro da Propiedade	Non consta no expediente
Refª catastral das parcelas	36047A123001700000LP 36047A123001740000LM 36047A123001750000LO 36047A123111740000LJ 36047A123001760000LK 36047A123001670000LP 36047A123001680000LL 36047A123001690000LT 36047A123001730000LF (agrupadas ante notario)
Superficie da parcela	18.766 m ²
Uso autorizado	Explotación de vacún
Superficie ocupada en planta	2.641,48 m ²

11. A actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).
12. Por Resolución de data 13 de setembro de 2024 do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático en Pontevedra emítase a correspondente declaración de incidencia ambiental (expediente núm. ██████████).
13. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
14. Figura no expediente escrito emitido, con data 26 de xuño de 2024, polo Servizo de Explotacións Agrarias do Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra, polo que informa da non necesidade da emisión do informe solicitado.
15. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
16. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.

17. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
18. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a GANDEIRÍA RATO S.C. licenza municipal de obras para CONSTRUCCIÓN DE ESTABULACIÓN LIBRE DE GANDO VACÚN DE LEITE E FOSA DE XURRO, con emprazamento no lugar de Baroncelle, parroquia de Carboentes, con estrita suxeición ao proxecto técnico básico (visado colexial núm. [REDACTED], de data 21/06/24), redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dona Vanessa González Cachafeiro, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo

Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).

- d) Previamente ao inicio das obras deberá achegarse o proxecto de execución redactado por técnico competente e visado polo correspondente colexio profesional.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de ONCE MIL SETECENTOS ONCE EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (11.711,38 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de DOUS MIL NOVECENTOS VINTE E SETE EUROS CON OITENTA E CINCO CÉNTIMOS (2.927,85 €).

3.- CONCESIÓN DE PRÓRROGAS NOS PRAZOS DE EXECUCIÓN DE OBRAS AMPARADAS EN COMUNICACIÓNS PREVIAS

— Eliseo Diéguez García

ANTECEDENTES

1º.- Don ELISEO DIÉGUEZ GARCÍA, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Quintá, parroquia de Santa Mariña de Pescoso, solicita con data 2 de decembro de 2024 (RE-E núm. 709) unha prórroga do prazo de execución de obras de RENOVACIÓN DE MATERIAL DE COBERTURA EN TELLADO DE VIVENDA UNIFAMILIAR, con emprazamento no lugar de Quintá, parroquia de Santa Mariña de Pescoso.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 13 de xuño de 2024, adoptou acordo de declaración de eficacia da comunicación previa presentada, en virtude do disposto no artigo 146.1 da Lei

2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no artigo 361.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).

3º.- Na comunicación previa presentada consignábase como data de inicio das obras o día 5 de marzo de 2024, cun prazo de execución de nove (9) meses.

4º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 2401/25, acreditando a conformidade da prórroga solicitada.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 363.1 da RLSG textualmente dispón: “As comunicacións previas relativas á execución de obras deberán sinalar o prazo para o seu inicio e remate, en proporción á súa entidade e de conformidade co que establezan as ordenanzas municipais sobre uso do solo e a edificación. Os prazos indicados prorrogaranse pola metade do prazo establecido se a persoa interesada o comunica antes de ter transcorrido o referido prazo. O prazo para o inicio e remate das obras non poderán exceder dos tres meses e un ano respectivamente”.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder ao solicitante unha prórroga do prazo de execución da obra, ata o máximo legal dun ano, que rematará o día 5 de marzo de 2025.

— María del Carmen Varela Cuñarro

ANTECEDENTES

1º.- Dona Leticia Diéguez Alonso, na representación que acredita no presente expediente de Dona MARÍA DEL CARMEN VARELA CUÑARRO,

con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio en Badalona (Barcelona), solicita con data 3 de decembro de 2024 (RE-E núm. 714) unha prórroga do prazo de execución de obra de CONSTRUCCIÓN DE PECHE DE PARCELA, con emprazamento no lugar da Penela, parroquia de Pedroso.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 10 de outubro de 2024, adoptou acordo de declaración de eficacia da comunicación previa presentada, en virtude do disposto no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no artigo 361.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).

3º.- Na comunicación previa presentada consignábase como data de inicio das obras o día 10 de outubro de 2024, cun prazo de execución de dous (2) meses.

4º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 24/01/25, acreditando a conformidade da prórroga solicitada.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 363.1 da RLSG textualmente dispón: “As comunicacións previas relativas á execución de obras deberán sinalar o prazo para o seu inicio e remate, en proporción á súa entidade e de conformidade co que establezan as ordenanzas municipais sobre uso do solo e a edificación. Os prazos indicados prorrogaranse pola metade do prazo establecido se a persoa interesada o comunica antes de ter transcorrido o referido prazo. O prazo para o inicio e remate das obras non poderán exceder dos tres meses e un ano respectivamente”.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á solicitante unha prórroga do prazo de execución da obra, polo período dun mes, que rematou o día 10 de xaneiro de 2025.

4.- CONCESIÓN DE SEGUNDA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1º.- Con data 13 de xuño de 2024, a Xunta de Goberno Local adxudicou á sociedade NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L. o contrato de obras para a execución do investimento denominado *“HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO”*.

2º.- A preceptiva acta de comprobación do reformulo asinouse o día 10 de xullo de 2024, fixándose o prazo de execución da obra adxudicada en catro (4) meses, contados a partires do día da sinatura de dito documento.

3º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 8 de novembro de 2024, concedeuse unha primeira ampliación ata o día 10 de xaneiro de 2025.

4º.- En data 9 de xaneiro do corrente (RE-E núm. 12), Dona María Oliva Fernández Hermo, na representación da sociedade adxudicataria, solicita unha segunda ampliación do prazo de execución da obra polos motivos que especifican no escrito de solicitude.

5º.- A dirección facultativa das obras emite, con data 24/01/25, informe favorable á prórroga solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 193 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), dispón literalmente: *“O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva”*.

Segundo.- O artigo 195.2 do citado texto legal establece que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos ampliando o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á adxudicataria NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L. unha segunda ampliación, ata o día 11 de marzo de 2025, no prazo de execución da obra denominada “*HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO*”.

5.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 6 DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO”, INCLUÍDA NO PROGRAMA PON2030

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 6 correspondente á obra de “*Humanización e mellora peonil da rúa B de Rodeiro*”, incluída no Programa PON2030, por importe de SETENTA E SEIS MIL CATROCENTOS OITENTA E SETE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (76.487,71 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director de obra Don Antonio Carro Núñez.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L., por un importe de 76.487,71 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 25/001 (FACe), de data 20/01/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

6.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOSO, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”, INCLUÍDA NO PLAN +PROVINCIA 2024

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 correspondente á obra de *“Reforzo e pavimentación en rúas e viais das parroquias do Az, Guillar, Santa Mariña de Pescoso, O Salto, Camba, Carboentes, Asperelo e Arnego”*, incluída no Plan Máis Provincia 2024, por importe de SEIS MIL CINCOCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (6.564,99 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora da obra Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 6.564,99 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2025-3 (FACe), de data 22/01/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

7.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E ACCESOS A NÚCLEOS RURAIS NAS PARROQUIAS DO SALTO, RODEIRO, GUILLAR E ÁLCEME”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2023

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 correspondente á obra de *“Mellora e pavimentación de camiños e accesos a núcleos rurais nas parroquias do Salto, Rodeiro, Guillar e Álceme”*, incluída no Plan Concellos 2023, por importe de CENTO CINCUENTA E CINCO MIL DOUSCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (155.291,22 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora da obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 155.291,22 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2025-5 (FACe), de data 22/01/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

8.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Dona Josefa Regueira Calviño (RE núm. 80, do 22/01/25), e a proposta de resolución emitida con data 22/01/25 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona JOSEFA REGUEIRA CALVIÑO, con DNI núm. [REDACTED] veciña do lugar de Fondevila, parroquia de San Salvador de Camba.

9.- RECOÑECEMENTO DE TRIENIO AO SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONCELLO

VISTA a solicitude formulada polo secretario-interventor do Concello Don José María Novo Ramos (RE-E núm. 44, do 21/01/25) solicitando o recoñecemento do duodécimo trienio con efectos económicos do día 1 de febreiro de 2025.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os recoñecementos dos anteriores trienios por parte dos órganos competentes das distintas Administracións Locais onde ten prestados os seus servizos.

RESULTANDO que efectuado o cómputo do total dos servizos prestados perfecciónase o duodécimo trienio o día 5 de xaneiro de 2025, polo que producirá efectos económicos dende o primeiro día do mes de febreiro de 2025.

VISTAS a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o RD Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e a Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento dos servizos previos na Administración Pública, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER ao funcionario Don José María Novo Ramos o seu dereito a percibir o duodécimo trienio con data de consolidación do día 5 de xaneiro de 2025 e con efectos económicos do día 1 de febreiro de 2025.

10.- RECOÑECEMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADOR LABORAL FIXO DO CONCELLO

VISTA a solicitude formulada polo traballador laboral fixo, coa categoría de axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL), Don Jorge Ojea Mato (RE-E núm. 8, do 08/01/25), solicitando o recoñecemento do sétimo trienio de antigüidade.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballador laboral deste Concello, así como os servizos previos recoñecidos e o tempo transcorrido dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que a Xunta de Goberno Local, por acordos adoptados nas sesións celebradas os días 6 de novembro de 2008, 27 de xaneiro de 2010, 16 de xaneiro de 2013, 15 de xaneiro de 2016, 16 de xaneiro de 2019 e 30 de decembro de 2021, recoñeceulle o seu dereito ao percibo dos seis trienios anteriores.

VISTOS o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a

Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER ao traballador laboral fixo Don Jorge Ojea Mato o seu dereito a percibir o sétimo trienio con data de consolidación do día 19 de decembro de 2024 e con efectos económicos do día 1 de xaneiro de 2025.

11.- TOMA DE COÑECEMENTO DA BAIXA VOLUNTARIA DE TRABALLADORA LABORAL INDEFINIDA EN SITUACIÓN DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito presentado por Dona ANA NÚÑEZ VARELA, con DNI núm. [REDACTED], quen prestaba servizos como persoal laboral indefinido a tempo parcial no posto de traballo de auxiliar do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF) – RE núm. 111, do 28/01/25, polo que comunica a súa baixa voluntaria como traballadora municipal con data de efectos do día 20 de xaneiro do corrente. Dita traballadora atopábase gozando dun período de excedencia voluntaria por un período de tres anos concedido por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 11 de febreiro de 2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda tomar razón da comunicación presentada e tramitar a baixa voluntaria de dita traballadora coa data de efectos sinalada, dando traslado da mesma á Tesourería Xeral da Seguridade Social aos efectos pertinentes.

12.- DELEGACIÓN DE SINATURA PARA TRÁMITES RELACIONADOS CO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “TERRAS DE CAMBA I”

Aos efectos dunha mellor eficacia e axilidade na cumprimentación dos trámites ordinarios relacionados co desenvolvemento e xustificación da subvención outorgada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o obradoiro dual de emprego “*Terras de Camba I*”, e sendo funcións atribuídas ao posto de traballo de director, segundo as Bases aprobadas por acordo deste órgano de data 24 de outubro de 2024, entre outras, “*a xestión*”

administrativa do Obradoiro de emprego en relación coa Consellería (...)”, a Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade e de conformidade co disposto no artigo 12 da Lei 40/2015, delegar a sinatura da documentación ordinaria necesaria e da súa presentación ante o Rexistro autonómico competente no director do obradoiro Don Braulio Piñeiro Mandado, con DNI núm. [REDACTED]

13.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 03/01/25, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos polo concelleiro-delegado de Economía con data 29/01/25, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente na actualización, informatización e peche contable do exercicio económico de 2024, á sociedade CONSULTORÍA ICAL S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Nigrán, ao prezo de SETE MIL OITOCENTOS SESENTA E CINCO EUROS (7.865,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 920/227 do presuposto en vigor.

14.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

IMPUTABLES AO EXERCICIO ORZAMENTARIO DE 2024 (Base 8ª Orzamento 2017, prorrogado para o exercicio de 2025)

- JOSÉ CARBALLO SUÁREZ 54,08 €

Por desprazamentos oficiais para o Concello, s/minuta.

- ODAIKO KREA S.L. 3.841,75 €
Por instalación de carpa, cadeiras e expositores para diversos eventos culturais, s/factura núm. 228 (FACe).
- CARNICERÍA VILLANUEVA PENERBOSA S.L. 39,03 €
Por subministro de bebidas e aperitivos para os participantes no programa Concilia, s/factura núm. FC9725-6.
- ANA MARÍA LEDO GARCÍA 57,20 €
Por subministro de pan para o magosto municipal, s/factura núm. 68.

IMPUTABLES AO EXERCICIO ORZAMENTARIO DE 2025

- EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L. 610,18 € E 174,72 €
Por licenzas anuais de aplicacións Office para equipos informáticos municipais, s/facturas núm. FVE/2025/0014 e FVE/2025/0013 (FACe).
- CONSEJO GENERAL COSITAL 120,00 €
Por subscripción anual a portal de contabilidade pública local, s/factura núm. IN20251296 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 82,70 €, 245,73 €, 28,00 € E 30,13 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7DS0001559, TA7DS0001560, TA7CT0000860 e TA7CT0000868 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 19,00 €, 0,00 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-A5M0-068748, 28-A5DD-005906 e 28-A5DD-051693 (FACe).
- MERCAHILBE S.L. 5,52 €
Por subministro de augas para o Concello, s/factura núm. 01000001.

- MERCAHILBE S.L. 41,68 €
Por subministro de produtos de limpeza para o Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 01000002.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 59,21 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de decembro de 2024, s/factura núm. 24ZNX0011726 (FACe).
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 1.156,84 €, 910,60 € E 517,40 €
Por traballos de reparación de vehículos municipais, s/facturas núm. C 10794, C10797 e C 10798.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 1.171,28 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 2/25.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 341,22 €
Por reparacións eléctricas no Centro de Saúde, s/factura núm. 3/25.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 83,26 € E 1.271,18 €
Por diversas reparacións na máquina varredora e no camión de recollida do lixo, s/facturas núm. C 10793 e C10795.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 659,48 €
Por subministro de combustible aos camiões de recollida do lixo no mes de xaneiro de 2025, s/factura núm. FA – 1.
- BAYGAR S.L. 864,81 €
Por traballos de reparación da máquina de lavado do Concello, s/factura núm. 1353/251300020 (FACe).
- BARRERAS DE SEGURIDAD S.L. 446,49 €
Por subministro de espellos para seguridade de vías municipais, s/factura núm. 2025/18 (FACe).

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba I”

▪ EDICIONES PARANINFO S.A. 102,86 €

Por adquisición de manuais didácticos da especialidade de forestal, s/factura núm. NA-0429957 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas quince minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)